

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE RAMIRAS

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2024-2025

Extracto das bases reguladoras das axudas para adquisición de libros e material escolar para o curso 2024-2025

BDNS (Identif.): 785213

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/785213>)

Subvencións a familias do alumnado de centros docentes públicos de Educación Infantil (segunda etapa), Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria, para o curso 2024-2025

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por finalidade a concesión de subvencións a familias do alumnado de Centros Docentes Públicos de Educación Infantil (segunda etapa), Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria, para o curso 2024-2025, distinguindo:

1. Axudas para adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2.ª etapa): 3 a 5 anos.
2. Axudas para adquisición de libros e material escolar para o alumnado matriculado en Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Artigo 2. Beneficiarios

As familias dos/as alumnos/as que estean matriculados/as no curso 2024-2025, nos niveis de: • Educación Infantil (2.ª etapa) no CEIP de Ramirás.

- Educación Primaria no CEIP de Ramirás.
- Educación Secundaria no IES de Celanova-Celso Emilio Ferreiro.

Artigo 3. Requisitos dos solicitantes

As axudas poderán ser solicitadas polas familias dos/as alumnos/as que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar empadroados/as no Concello de Ramirás polo menos o pai/nai/titor ou titora do neno/a ou persoa adxudicataria en sistemas de acollemento familiar.
2. Ser alumno/a nos niveis de ensinanza establecidos nos centros indicados e como alumnos/as oficiais.
3. Non exceder o máximo de ingresos segundo as presentes bases. Enténdese por renda per cápita a renda familiar do ano 2023 dividida entre o número de membros que forma a unidade familiar.



4. Os/as beneficiarios/as deben comunicarlle ao concello a obtención doutras axudas para a mesma finalidade.

5. Estar ao corrente do pago de todos os tributos e taxas municipais.

6. Ter presentadas as solicitudes e a documentación requirida.

7. Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. Financiamento da convocatoria

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 326.48 do exercicio orzamentario do ano 2024 cun orzamento total de 3.000,00 €.

Artigo 5. Contía e límites

Os/as beneficiarios/as poderán recibir como máximo o 100% do Orzamento presentado sobre os gastos subvencionables.

As axudas municipais escolares son incompatibles con calquera outra axuda, para a mesma finalidade, de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Ramirás, no caso de ter percibida outra axuda para o mesmo gasto.

Contía das axudas:

— Educación Infantil:

Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 150,00 €

Renda per cápita familiar desde 5.401,00 ata 9.000,00: 75,00 €

— Educación Primaria:

Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 80,00 €

Renda per cápita familiar desde 5.401,00 ata 9.000,00 €: 40,00 €

— Educación Secundaria:

Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 80,00 €

Renda per cápita familiar desde 5.401,00 ata 9.000,00 €: 40,00 €

Artigo 6. Solicitud e documentación a achegar

1. As solicitudes presentaranse no concello nos modelos facilitados para o efecto.

2. As solicitudes (debidamente cubertas e asinadas) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificado ou informe do centro onde os/as alumnos/as realicen estudos no que se especifique o curso onde están matriculados.

- Fotocopia do DNI, non caducado, do/a solicitante, sexa pai, nai, titor/a ou persoa adxudicataria en sistemas de acollemento familiar.

- Fotocopia do Libro de Familia

- Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar.



- Xustificación dos ingresos dos membros da unidade familiar: (Certificado de vida laboral, certificado do INEM...)

- Fotocopia compulsada da declaración da renda e patrimonio ou documento acreditativo de non estar obrigado a facela (certificado de imputacións) referida ao ano 2023. No caso de traballar e non ter obriga de presentar a declaración da renda, deberase aportar certificado de empresa correspondente ao exercicio 2023.

- No caso doutras prestacións: RISGA, pensión non contributiva, prestación por fillo a cargo, pensións de orfandade, etc., deberán traer certificación do organismo correspondente.

- No caso de separación ou divorcio deberán achegar o documento que o acredite. Se non percibe pensión alimenticia ou compensatoria, a denuncia de incumprimento de sentenza.

Cando os beneficiarios estean en situación de desemprego e non percibisen o subsidio de desemprego durante o ano 2023, presentarán un certificado do INEM que o acredite, pero se percibisen algunha cantidade por desemprego, presentarán o correspondente certificado. Os emigrantes e inmigrantes deberán presentar unha certificación dos ingresos obtidos no ano 2023 no país correspondente, cun informe bancario sobre a cotización media da moeda do devandito país nese ano. No caso de estar un membro do matrimonio no estranxeiro e outro retornado deben igualmente acreditar os ingresos obtidos no ano 2023, mediante as certificacións oficiais.

O pagamento dos impostos municipais, comprobarase internamente.

Artigo 7. Lugar e prazo de presentación

A solicitude presentase no Rexistro Xeral do Concello de Ramirás ou en calquera das formas que recolle o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación, será de 30 días naturais, que contarán desde o día seguinte á súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia; publicarase tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Ramirás, así como na paxina web municipal.

Artigo 8. Emenda da solicitude

Segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a documentación achegada estivese incompleta, ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o/a solicitante será requirido/a para que no prazo de 10 días hábiles, que contarán a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amañe a falla, con advertencia de que se non o fixera, teráselle por desistido/a da súa solicitude, e archivarase o expediente.

Artigo 9. Comisión técnica de avaliación

Para os efectos do que recolle o artigo 22.1 da LXS o órgano colexiado competente estará formado por:

Presidente: Alcaldía do Concello de Ramirás, ou persoa en quen delegue.

Vogais: traballadora social e secretaria do Concello, ou persoas que as substitúan.

Secretario/a: empregado ou empregada pública designada para os efectos.



Artigo 10. Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar do ano 2023 cunha valoración de 1 a 10 puntos por orde inversa a renda.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentaran a declaración do imposto sobre a renda de 2023, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da declaración.

No caso de non presentar a declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar con presentación da declaración responsable e a documentación requirida no artigo 6.º.

No caso de existir un/unha menor na unidade familiar, cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, este/a fillo/a computará por dous membros.

No caso de que a discapacidade sexa superior ao 65% ,este/a fillo/a computará por tres membros.

No caso de familias monoparentais, computarase un membro mais.

Terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas se incluírán no cómputo da unidade familiar.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os dous proxenitores incluíranse dentro do cómputo da unidade familiar.

Acreditarase mediante: documentación do xulgado sobre pensión de alimentos ou exercicio ou non de accións legais para a obtención da mesma. Sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais. De non haber exercitado legalmente a procura deses dereitos, deberán achegar os ingresos dos proxenitores, respecto dos fillos recoñecidos no libro de familia.

A axuda concederáselles a todos/as os/as solicitantes que cumpran os requisitos mencionados no apartado de beneficiarios/as ata esgotar a partida orzamentaria. No suposto de haber máis solicitudes que orzamento quedarán excluídas/lista de espera as familias cuxo nivel de renda sexa superior ou sexa con menor puntuación.

Artigo 11. Resolución e avaliación das propostas

A Comisión cualificadora avaliará as solicitudes, de conformidade cos criterios e valoración que se determinan nas bases e fará constar expresamente, que da información que ten no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A proposta de resolución conterá a relación, na que se indicarán todas as persoas solicitantes que participan na convocatoria, o alumnado, renda per cápita anual, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar) e puntuación acadada e resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.



— Concedidas. Reseñarase a subvención individual de cada persoa beneficiaria,

— Denegadas. Farase constar algúns dos seguintes motivos:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non aportan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as.
- Matriculado/a noutros centros
- Supera os ingresos.
- O/a alumno/a non está matriculado/a.
- Outros datos.

— Lista de espera: coa súa correspondente orde, por renda per cápita.

A Presidencia, tendo en conta a proposta da Comisión cualificadora, acordará a aprobación definitiva das subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48 do Orzamento do concello do ano 2024, por un importe máximo de 3.000,00 €.

O prazo de resolución non excederá dun mes, que contará desde o fin do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento, notificaráselles aos/ás interesados/as conforme ao que recolle o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima os/as interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 12. Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada pola persoa solicitante, se dentro do prazo de 10 días seguintes a comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os/as beneficiarios/as das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados/as a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os/as beneficiarios/as, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitarán canta información lle sexa requirida e aceptaran as seguintes obrigas:

1. Cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
2. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
3. Comunicarlle ao Concello de Ramirás calquera cambio que afecte á situación da persoa beneficiaria ou da súa unidade familiar.

Artigo 13. Xustificación e pagamento

Realizarase o pagamento unha vez que os/as beneficiarios/as xustifiquen debidamente o importe da subvención concedida:

- Factura orixinal do gasto realizado. En cada factura deberá figurar, polo menos, os seguintes datos: CIF, NIF o NIE do establecemento, nome do titular do establecemento (empresa/apelidos e nome), datos do establecemento (denominación comercial, dirección completa, concello e provin-



cia), data da factura, número de factura, tipo ou tipos impositivos aplicables nas operacións (base imponible e IVE do total da factura detallada, detalle da compra/concepto e titular da mesma pai, nai ou titor do solicitante.

- Declaración formal, asinada polo/a representante, de todas as axudas solicitadas ou non e concedidas ou non para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas.

Artigo 14. Forma e prazo de pagamento da subvención

O pagamento realizarase mediante a transferencia bancaria no IBAN que figura no formulario de solicitude, xunto coa documentación que neles se require.

O importe que se deberá xustificar non será inferior en ningún caso ao 100% do importe da subvención concedida., noutro caso, reducirase a axuda ata o importe xustificado.

O importe da subvención concedida aboarase, unha vez aprobada definitivamente, e previa xustificación dos gastos subvencionables, non se realizarán pagos a conta.

Artigo 15. Prazo de xustificación da subvención

O prazo máximo para xustificar a subvención será o último día hábil do mes de novembro.

Artigo 16. Reintegro de subvencións

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición final

En todo o non disposto nesta convocatoria, haberá que atermos ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, xeral de subvencións, Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e a Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Ramirás.

Ramirás, 12 de setembro de 2024. A alcaldesa.

Asdo.: Isabel Gil Álvarez.

R. 2.723

